

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 19 DE XUÑO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dezanove de xuño do dous mil vinte, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para dito día ás nove horas e corenta e cinco minutos, dando comezo ás nove horas e cincuenta minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Ibán Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Non asisten os concelleiros D. Roberto Eireos Sáez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

ORDE DO DÍA:

MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR E DO GRUPO MIXTO RELATIVA Á CONVOCATORIA DUNHA MESA SECTORIAL PARA ABORDAR A CRISE ECONÓMICA DE MONFORTE DE LEMOS.

“Moción para convocar unha mesa sectorial para abordar a crise económica

de Montarte de Lemos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición do COVID-19 e a súa rápida evolución ata converterse nunha emerxencia de saúde pública a nivel nacional e internacional determinou a adopción, por parte das distintas administracións, organismos e institucións, de medidas para a prevención e loita contra a pandemia.

Ninguén dubida de que a situación provocada pola epidemia do Covid-19 está a ter un gran impacto na economía local e o papel do Concello é fundamental para paliar ou minimizar o impacto negativo na nosa economía.

O pasado venres 24 de abril celebrouse no Concello de Monforte de Lemos un pleno extraordinario telemático, que na súa orde do día contaba, entre outros, cun punto relacionado coa incorporación de remanentes de tesourería ao orzamento municipal. Estes remanentes ascenden a un total de 6.247.841,96 euros.

Sen embargo, na documentación polo equipo de goberno para este pleno, nos atopamos con que máis da metade de esos fondos, concretamente 4.250.000 euros van adicados a investimentos (urbáns, rurales e iluminación) e a medio ambiente (parques e xardíns), mentres que apenas un 25% (1.400.000) vai dirixido a promoción económica e 100.000 euros a unha partida adicada a COVID19.

O grupo municipal esperta Monforte presentou fai apenas unha semana no rexistro do Concello de Monforte de Lemos unha solicitude ao Sr. Alcalde para que convoque da forma máis urxente posible unha mesa sectorial en que teñan a oportunidade de colaborar todos os sectores estratéxicos de Monforte, así como representantes de servizos sociais, banca, grupos políticos, sindicatos e todo aquel que se queira engadir, co obxectivo de revertir o diñeiro dos remanentes de tesourería en beneficio das persoas, das familias, e da recuperación económica. Non tivemos resposta a este requerimento.

Dadas as circunstancias actuais, debido a crise provocada polo covid-19 que está afectar gravemente os sectores económicos, e que lamentablemente podemos prever que máis se va a resentir na nosa cidade, todas as forzas políticas abaixo asinantes vemos preciso e fundamental a celebración dun pleno extraordinario na maior brevidade posible para tratar un tema tan importante como o que se presenta nesta petición Monforte de Lemos xa estaba inmerso nunha recesión demográfica e económica, polo que tras esta crise sanitaria precisa de actuacións por parte do Concello que sexan eficaces e eficientes para a súa superación.

Sendo conscientes da situación económica actual e dos esforzos que está facendo a cidadanía nestos momentos de especial dificultade, os concelleiros abaixo firmantes renuncian a percibir por parte do Concello de Monforte de Lemos a cuantía correspondente a asistencias a plenos estipulada habitualmente.

Polo anteriormente exposto, os abaixo asinantes presentan a presente moción e propoñen a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar ao equipo de goberno do Concello de Monforte de Lemos a:

Crear unha mesa sectorial en que teñan a oportunidade de colaborar todos os sectores estratéxicos de Monforte, así como representantes de servizos sociais, banca, grupos políticos, sindicatos cos seguintes obxectivos:

- *Analizar a situación socio - económica da comarca.*
- *Estudar o impacto provocado pola crise do Covid-19.*
- *Deseñar e propor liñas de intervención a curto, medio e longo prazo que debe adoptar o Concello para axudar a paliar as consecuencias económicas, laborais e sociais da pandemia."*

Intervén D^a Isabel García Díaz di que non ten inconveniente en cada grupo faga a súa exposición, dando lectura á moción presentada. Di neste documento que as persoas que asinen esta petición de pleno extraordinario, non coste diñeiro ao Concello, que non teña repercusión económica para aos concelleiros que asinan esta moción.

Despois de xa tres meses e non ter a oportunidade de acadar un consenso en todo este tempo vironse na necesidade de convocar este pleno extraordinario, di que foi Esperta Monforte púxose en contacto cos grupos da oposición, e tamén o BNG e o Partido Popular viron a necesidade de presentar esta moción.

Pasa a dar lectura á moción presentada polos tres grupos da oposición.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que este foi unha idea que xurdiu onde o seu grupo asinou este documento nun exercicio democrático. Fala das xuntas de voceiros e un pleno extraordinario, nunha situación excepcional que estamos a vivir, foi pola falla de comunicación. Deberíase ter máis comunicación, arrimando o hombro e sempre en positivo. Fala da dotación de mascarillas á poboación infantil. Falan das cousas que se foron aportando, canta máis xente participe, aporte dunha

forma desinterada, moito mellor, de feito como foi o caso do Plan reactiva, fala do sector agrogandeiro que non se pode solicitar porque non cesaron na súa actividade, débense deixar a un lado as posibles discrepancias e confía na palabra do Alcalde. Di que no programa electoral do Partido Socialista contemplábase apoiar as iniciativas de comerciantes, a través das mesas locais de comercio, é unha da proposta que había no programa do Partido Socialista. Espera que se saque adiante esta iniciativa tan necesaria para este Concello.

Intervén D^a Katherinie Varela di que nesta idea coinciden os tres grupos municipais, eles chámabanlle comisión económica, na que participaran os diferentes sectores económicos da cidade. É algo que fixeron todas as administración. O presidente da Xunta constituíu un comité de expertos económicos, persoas de distintas ideoloxías. Proponen un comité que se poda reunir de forma mensual, con persoas do comercio de Monforte. O sector primario da zona de Lugo dependía moitísimo da hostalería, non se poden imaxinar as consecuencias que se veñen enriba. Fala de consecuencias económicas devastadoras, aunque si é certo que hai persoas que son optimistas. A realidade e que Monforte de Lemos non se caracteriza por estar en auxe económico, unha media de 200 persoas diminúe a poboación. Di que cren que, agora máis que nunca, constituír unha comisión unha mesa para darlle voz ás persoas de Monforte, unha mesa sectorial onde incluso uns e outros se escoiten, pode ser positivo. Cren que é urxente, que é unha medida que pode ser positiva para a mellora da cidade.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que el cree que os votantes do Partido Popular teñen que sentir vergoña, e os do BNG tamén, despois do dano político que Esperta lle leva feito ao BNG, polo feito de que firmen unha iniciativa de Esperta Monforte. Manifesta que tiña que darlle vergoña a portavoz do Partido Popular, e vergoña lle da a moitos votantes do partido popular. A Xunta de Galicia ofrece créditos, pero os créditos hai que devolvelos. Os Concellos para isto non teñen competencia, hai que lerse a norma. Poden implementar políticas económicas para axudar, si. E iso é o que se fai. As competencias de Servizos Sociais, Sanidade, etc. correspóndenlle á Xunta de Galicia. ¿Qué axudas a fondo perdido estableceu a Xunta de Galicia?: cero. Fai referencia ao roubo de mascarillas que houbo en Santiago, do que alguén debería de dar explicacións.

En relación cos remanetes e da afirmación de que hay 7,2 millóns de euros, non é Os remanetes son os que son. Había comprometido xa en obras unha cantidade e outra cantidade, por Decreto, destináronse 500.000 euros a Servizos Sociais, para emerxencias Sociais. Iso non o fixo ningún Concello, e polo tanto, quedan 6.200.000 € para outras cousas, asuntos Sociais, medio ambiente, Covid-19, etc. Que está en exposición pública e que se tratará no próximo pleno.

Manifesta que xa se colaborou co sector do comercio, hostalería, taxistas, etc. A

todos eses sectores, ¿quén lles axudou?.

En relación coas verbas de D^a Maribel manifesta que non é estratexia, non é vostede. Porque o diciron os cidadáns. Pide vostede textualmente, incluír aos bancos. Isto é inaudito: agora salvadores da banca. Por de manifesto que o Concello non é unha assemblea, non son assemblearios, non se vai participar en esa pretensión.

Intervén D^a Isabel García Díaz di que as normas non é primeira vez que se saltan. Adianta, tamén, que se meten dúas cousas, que non poden entender o que están intentando. Sabe o Alcalde, mellor que ela, con que bancos traballan, e tamén se lles pode pedir que colaboren non futuro. O Alcalde pode rirse todo o que considere. As competencias son da Xunta de Galicia pero iso non exime ao Concello. Cando chegou un documento asinado polos médicos do centro de saúde, o Alcalde non fixo caso. Sí que houbo moitos alcaldes da provincia, que si tomaron medidas de prevención de saúde. Ten vostede o Consello Municipal de Saúde. En beneficio de vostede tería moito que dicir de cousas a poñer en marcha.

Di que ela cando entra na praza de Abastos ve unha caixas de fruta e enriba desas caixas baleiras, cun cordón branco atado un frasco de desinfectante, di que ela ten entendido que o Concello ten certa competencia na Praza de Abastos. Non parece que sería tan difícil ter un desinfectante doutra maneira.

Intervén D. Emilio José Sánchez. Manifesta que se alegra do funcionamento deste Pleno no día de hoxe. Suliña que ben defender a cidadanía, e cando vexa que un grupo político lle fai dano a este Concello o criticará e se o fai ben, tamén o dirá. Aquí o que importa é Monforte. Soamente se pide que convoque esa medida, o Alcalde fará o que crea máis oportuno, pero escoitando á xente. Refírese ao Plan Reactiva e manifesta que, sempre e cando sexa consensuado con cantas máis persoas mellor de tódolos ámbitos, mellor. Por moito que teña coñecemento de todas as cousas, sempre se escapa algo. Convoque, despois de todo o que escoite, faga o que consideren. O BNG lles apoiará o que faga falla.

Intervén D^a Katherinie Varela preguntando o que pretendeu o Sr. Alcalde dicindo que se non sinten vergoña os votantes do PP. Non sabe se pretende amedrentarla. Igual ten que cambiar de amigos da Peña Tizón xa que os que ten non lle informan ben o que opinan os votantes do Partido Popular. Non se está a falar de votantes. Se está a falar doutras cousas. A Xunta quitou bonos a familias con fillos menores de seis anos de 500,00 euros. Manifesta que cando se minte varias veces, a xente se o cree. Como Alcalde de Monforte de Lemos, é responsable dos veciños de Monforte. Ten que velar polos intereses dos monfortinos. Refírese ao robo de mascarillas. Non sabe se está acusando á Xunta. Iso é moi grave, se é así terán que ir ao xulgado a denúncialo. Non paran de dicir e despretixiar á oposición.

O Alcalde durante moitísimos anos non daba subido de catro concelleiros. Hay que se un pouco máis humildes. Dikir que é unha tontería o que lle proponen os compañeiros, é aberrante.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que normalmente fala pola boca. Unha cousa é ter moita verborrea e outra é saber o que se di. A única prepotencia que ten é intentar gobernar co programa co que se presentou ás eleccións. Referente a afirmación de dona Maribel, aclara que se lle entregou xel hidroalcohólico a cada posto da prazae nos postos da feira, e se lles dixo que se querían máis que o dixeran que se lles daba máis. En relación cos bonos de 500 euros manifesta que ¡vaia política económica dun goberno autonómico! Esa a política de emprego, económica, política industrial. Darlle 500 euros porque ten pechados os centros de día e as garderías. ¿Porque non abre os centros de día?, É máis sinxelo abrir os bares. ¡Que política!. Da moito máis o Concello de Monforte de Lemos.

Falaba na moción das assembleas, recordalles o dito: se queres que algo non funcione, crea unha comisión, debate debate e non se fai nada. Di vostede aquí que debense axudar ás persoas e ás familias. D^a Maribel: non sabe en que país vive vostede. Non hai ningún Concello que tivera as axudas que propiciou éste goberno municipal. Din vostedes que Monforte estaba inmerso nunha recesión demográfica e económica. Nos pasados catro anos, Monforte cambiou como da noite ao día, iso é dicir a realidade, Monforte mellorou segundo din os cidadáns.

Intervén D^a Isabel García di que lle gustaría que se falara do que viñeron aquí. De facer un bo uso deses 4.250.000,00 euros nese expediente de crédito para obras e medio ambiente. Que se faga un bo uso dese diñeiro e non que se utilice en cousas que primeiro, moitas delas, non son necesarias e en segundo lugar non é momento. Ese diñeiro saíu dos monfortinos e monfortinas. Manifesta que veu aquí dunha forma concialidora e que ve que non van respaldar a proposta. Que si o que está a facer é dilapidar o diñeiro público. O que vostede lle chama plan non se pode chamar plan.

Pregunta si, ela en primeira persoa, calquera persoa que teña un posto de traballo estable, os profesores ou os funcionarios do Concello, si van ter dereito a esa mesma axuda. Considera que esas axudas deberían ir a todas esas persoas que teñen necesidade. Di que o goberno central está traballando para sarcar adiante unha mesa de reconstrucción. O Alcalde contradi ao seu presidente. O autoritarismo imponse, que é o que votede está facendo. Facer política social non é dar unha esmola.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle gustaría que se e sepa do que se fala. O Concello non ten as funcións das que se fala. Ningún Concello as ten. Fala de que non fixeron nada. Antes dixo que fixera un bo uso do diñeiro. ¿D e que acusa?. Éstas son decisións políticas. Esa é a legitimidade democrática. Ningún Concello fixo o

reparto de mascarillas que fixo o Concello de Monforte. Confúndese prepotencia con facer cousas. O que respecta a lei, é unha autoridade. Autoritario é o que non respecta a lei, ten moitas lagunas nese sentido. Polo que se refire ao reparto das mascarillas no Concello permanente A quen o solicitou facilitouse todo o necesario: o fixeron no hospital comarcal, dúas veces, teñen os papeles asinados en dirección e en urxencias, en empresas. Hai material reservado, para o inicio do curso. Mantiveron a facturación das empresas que xestionan os Servizos co Concello, aumentaron as axudas Sociais, enormemente, bonificaron taxas, prezos públicos, taxistas, carritos, as terrazas, as escolas de música, escolas deportivas, fixeron axudas aos estudantes, con fotocopias. Suprimiron os pagos os que teñen concesións de hostalería, fixeron o plan reactiva que cun 1.400.000 euros, axudaron a empresas, autónomos, traballadores que estaban afectados por ERTES. Solicitaron esa axuda 1.219 solicitantes, que percibirán as esas. Dicían que era mentira, que non solicitaran que no ían cobrar o diñeiro.

Ponse de manifesto que, agora, acaba de sacar un plan de 500.000 euros para axudar ás familias e aos sectores económicos. O Alcalde falou cos empresarios de hostalería, xunto cos 1.400.000 euros que inyectan na sociedade monfortina, iso é así. Con este Plan, que se acaba de sacar, poderán empezar a solicitálas todas as familias de Monforte, sen excepción. Establécense tres tipos de domicilios. Faise un bono de 25 para distribuir a compra, porque os bonos non son fraccionables. Desa maneira se obrigan a gastar en Monforte: alimentos, roupa, ferretería, profesionais de calquera cousa, ir a un establecemento de hostalería a comer o plato do día. E n pouco tempo na economía de Monforte vai haber 500.000,00 euros. Vaise gastar aquí, vaise ingresar o diñeiro ao establecemento que teña os bonos. D^a Maribel non debe dar leccións de nada. ¡Qué lle pida cousas a este Concello e non lle pide nada á Xunta!. ¿Non lle da vergoña?. ¿A quen queren enganar?. Que o faga D^a Maribel non lle preocupa pero que vostede, D^a Katherinie, se xunte con D^a Maribel. ¡Isto é un espectáculo!. As urnas dixeron o que dixeron, así que deixéñse do non polo non. Algunha cousa se fará ben, aínda que sexa equivocándose. En relación coa afirmación que que existe unha desviación de crédito, o Sr. Alcald manifesta que iso é un delito é ilegal. Refire que D^a Maribel alegou para que non invirtimos ese diñeiro. Non quere que se fagan obras, menos mal que non lle imos facer caso. Pouco a pouco vai haber outras obras de calado que van cambiar Monforte nestes catro anos. Monforte merece moito máis que a opinión de quince persoas.

O programa con que se presentou o Alcalde di: Mesa local de comercio. Xa se reúne. Existe por lei, fai informes para pedir axudas á Xunta. Si existe e si se reúne. Manifesta que o Grupo de Goberno si escoita á xente. Senón fose así, non os apoiarían. Cre que estaba ben que se pedirá este Pleno e anuncia que se presentará outro proxecto máis de calado nesta cidade. Polo que ve os monfortinos están con quen están. Di que o Grupo de Goberno vai seguir traballando e agradece que

pedirán este pleno para dar estas explicacións.

Sometido o asunto a votación, rexeítase a Moción, por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Mixto.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás vinte horas e oito minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,